

Informe de Acci3ns de Coordinaci3n

Curso: 2016/2017

Máster en Ciencia e Tecnoloxía
Agroalimentaria e Ambiental

Índice

I. Información xeral.....	3
II. Coordinación.....	3
III. Accións de coordinación.....	3
IV. Conclusións.....	6
V. Anexos.....	6

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Ciencias
Títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade(s) participante(s)	Título oficial da Universidade de Vigo
Curso de implantación	2014-15

II. COORDINACIÓN

Coordinación de títulos	F. Javier Rodríguez Rajo
Equipo coordinador do curso (se procede)	

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Descríbanse as accións realizadas no curso académico:

3.1. Reunións

O Coordinador do Master xunto coa Comisión Académica do mesmo foron os responsables das diferentes reunións de coordinación durante o curso académico 2016/2017

Gran parte do peso da coordinación recae sobre o coordinador quen foi o responsable de convocar as reunións de coordinación (coa comisión académica do máster, o profesorado que forma parte do mesmo, o equipo decanal da Facultade de Ciencias e a Área de posgrado do Campus de Ourense) así como asistir a todas as reunións ás que foi convocado algún representante da Comisión académica do Master (a Comisión de garantía de calidade da Facultade de Ciencias de Ourense, a Área de posgraio da Universidade de Vigo e a Área de calidade da Universidade de Vigo).

A. Reunións do Coordinador do Máster coa Comisión Académica do Máster (CAM).

Durante o curso 2016/17 realizáronse as seguintes reunións coa Comisión Académica do Máster co obxecto de optimizar a xestión e organización do mesmo:

- 10/06/2016. Informe do Coordinador. Aprobación do calendario académico do Máster
- 11/07/2016. Aprobación de listados provisionais de alumnos preinscritos no primeiro prazo de matriculación. Avaliación do informe provisional de seguimento do Máster.

- 19/07/2016. Informe do coordinador. Aprobación de listados definitivos de alumnos admitidos-denegados na primeira convocatoria de matriculación.
- 09/09/2016. Aprobación dos listados provisionais de alumnos preinscritos na segunda convocatoria de matriculación.
- 13/07/2016. Informe do coordinador. Aprobación de listados definitivos de alumnos admitidos na segunda convocatoria de matriculación.
- 4/10/2016. Aprobación de listados provisionais de alumnos admitidos e excluídos na terceira convocatoria de matriculación
- 11/10/2016. Aprobación de listados definitivos de alumnos admitidos e excluídos na terceira convocatoria de matriculación
- 28/10/2016. Reasignación de docencia: debido á baixa médica de longa duración da profesora Dra María Anunciación Lafuente Giménez con DNI 17709593F, responsable da asignatura “Ou01-M142106-Avances en Toxicoloxía Ambiental”. Acórdase reasignar a docencia da mencionada asignatura (7 horas A01, 2 horas O01 e 8 horas E01) á Profesora Dra. Eva Pouse Juan con DNI 53183941E.
- 21/11/2016 Informe do Coordinador. Aprobación do desglose e reparto do orzamento do Máster do ano 2017. Modificación da rúbrica do TFM con motivo da súa adaptación ao novo regulamento aprobado polo Consello do Goberno.
- 24/02/2017. Aprobación do informe de seguimento do Máster. Aprobación do límite de prazas para o curso 2017/18. Aprobación do recoñecemento de horas de desgravación do Máster para o curso 2017/18.
- 28/02/2017. Informe do coordinador. Aprobación da PDA e POD do Máster para o curso 2017/18.
- 10/03/2017. Aprobación-dos títulos, liñas de investigación e datas de defensa dos TFM para o curso 2016/17.
- 04/07/2017. Finalización do prazo de realización das enquisas de satisfacción. Nomeamento do Tribunal dos TFM. Inicio de período de revisión das guías docentes das asignaturas.
- 13/07/2017. Aprobación dun prazo extraordinario de defensa do TFM para dous alumnos do Máster.

B. Reunións do coordinador do Máster cos profesores do mesmo.

Durante o curso 2016/17 realizáronse as seguintes reunións co profesorado do Máster co obxecto de optimizar a xestión e organización do mesmo:

- 16/02/2016. Organización do POD e a PDA do curso 2016/17.
- 04/07/2016. Reunión cos profesores responsables das asignaturas para informarles da apertura do período de revisión das guías docentes para realizar as modificacións oportunas na aplicación DOCNET.
- 19/09/2016. Reunión cos profesores responsables das asignaturas que se imparten no primeiro bimestre para a coordinación das mesmas e organización do bimestre.
- 07/11/2016. Reunión cos profesores responsables das asignaturas que se imparten no segundo bimestre para a coordinación das mesmas e organización do bimestre.
- 16/01//2017. Reunión cos profesores responsables das asignaturas que se imparten no terceiro bimestre para a coordinación das mesmas e organización do bimestre.
- 06/03/2017. Reunión cos profesores responsables das asignaturas que se imparten no cuarto bimestre para a coordinación das mesmas e organización do bimestre.
- 24/04/2017. Reunión cos títulos dos TFM. Infórmase aos títulos sobre as pautas de tutorización dos traballos, as novas directrices de avaliación adaptadas ao novo regulamento da Universidade sobre a cualificación do TFM, os prazos de entrega da documentación e as datas de defensa.

C. Reunións do Coordinador do Máster cos alumnos do mesmo.

Durante o curso 2016/17 realizáronse as seguintes reunións cos potenciais alumnos do Máster alumnos e os alumnos matriculados no Máster co obxecto de optimizar a xestión e organización do mesmo:

- Durante o período previo á inscrición realizouse un constante labor de acción tutorial cos alumnos que manifestaron a súa intención de cursar o Máster, a través de contactos telefónicos e por email.
- Semana do 18 ao 28 de xullo de 2017. Contactouse individualmente cos alumnos preinscritos no segundo prazo de matrícula para levar a cabo un labor de orientación sobre as diferentes asignaturas optativas do Máster para que deste xeito optimicen a selección do seu curriculum académico en función das súas expectativas laborais.
- Semana do 19 ao 25 de setembro de 2017. Contactouse individualmente cos alumnos preinscritos no segundo prazo de matrícula para levar a cabo un labor de orientación sobre as diferentes asignaturas optativas do Máster para que desta forma optimicen a selección do seu curriculum académico en función das súas expectativas laborais.
- 26/07/2016. Acto de presentación do Máster cos alumnos. Infórmase dos horarios das clases, asignaturas que se impartirán por videoconferencia, calendario de exames, funcionamento da plataforma de teledocencia "FAITIC" e as pautas para o TFM. Preséntase a web do Máster onde teñen toda a información necesaria para o correcto desenvolvemento do proceso ensino-aprendizaxe.
- Semana do 17 ao 19 de outubro de 2017. Contactouse individualmente cos alumnos preinscritos no terceiro prazo de matrícula para levar a cabo un labor de orientación sobre as diferentes asignaturas optativas do Máster para que desta forma optimicen a selección do seu curriculum académico en función das súas expectativas laborais.
- 23/01/2016. Organización dos TFM. Realízase a asignación de titores/liñas de investigación e infórmase aos alumnos sobre as pautas de tuiorización dos traballos, as novas directrices de avaliación adaptadas ao novo reuglamento da Universidade sobre a cualificación do TFM, os prazos de entrega da documentación e as datas de defensa.

D. Reunións do Coordinador do Máster co equipo decanal da Facultade de Ciencias

Durante o curso 2016/17 realizáronse as seguintes reunións co equipo decanal da Facultade de Ciencias co obxecto de optimizar a xestión e organización do mesmo:

- 06/06/2016. Reunión onde se informa ao equipo decanal do calendario académico do Máster e asígnanse as aulas onde se levarán cabo as diferentes asignaturas coordinándolas coas aulas dos grados.
- 05/11/2016. Reunión co Decano e co responsable do sistema de calidade da Facultade de Ciencias para avaliar o autoinforme de seguimento.
- 07/03/2017. Asignación de salón de grados da Facultade para as datas de defensa dos TFM para o curso 2016/17.

E. Reunións do Coordinador do Máster co Área de Posgrado da Facultade de Ciencias

Durante o curso 2016/17 realizáronse as seguintes reunións co Área de Posgrado da Facultade de Ciencias co obxecto de optimizar a xestión e organización do mesmo:

- 10/07/2016. Revisión da documentación presentada polos alumnos preinscritos durante o primeiro prazo de matriculación.
- 18/07/2016. Revisión da documentación presentada polos alumnos con admisión provisional denegada na primeira convocatoria de matriculación.
- 09/09/2016. Revisión da documentación presentada polos alumnos preinscritos durante o segundo prazo de matriculación.
- 13/07/2016. Revisión da documentación presentada polos alumnos con admisión provisional denegada na segunda convocatoria de matriculación.
- 4/10/2016. Revisión da documentación presentada polos alumnos preinscritos durante o terceiro prazo de matriculación
- 11/10/2016. Revisión da documentación presentada polos alumnos con admisión provisional denegada na terceira convocatoria de matriculación

F. Reunións do Coordinador do Máster co Área Económica da Facultade de Ciencias

Durante o curso 2016/17 realizáronse as seguintes reunións co Área de Posgrado da Facultade de Ciencias co obxecto de optimizar a xestión e organización do mesmo:

- 21/11/2016. Desglose do orzamento do Máster do ano 2017.
- Numerosas reunións ao longo do ano para a execución do orzamento do Máster.

3.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

O día 23 de maio de 2016 se fixo por parte do Coordinador do Máster unha presentación do mesmo ó alumnado de cuarto curso das diferentes titulacións da Facultade de Ciencias. Informouse da relación do Máster coas súas titulacións, dos horarios das clases, asignaturas que se impartirán, calendario de exames, funcionamento da plataforma de teledocencia "FAITIC" e as pautas para o TFM. Preséntase a web do Máster onde teñen toda a información necesaria para o correcto desenvolvemento do proceso ensino-aprendizaxe.

O día 24 de maio de 2016 se fixo por parte do Coordinador do Máster unha presentación do mesmo ó alumnado de cuarto curso da Escola de Enfermería de Ourense. Informouse da relación do Máster coas súa titulación, dos horarios das clases, asignaturas que se impartirán, calendario de exames, funcionamento da plataforma de teledocencia "FAITIC" e as pautas para o TFM. Preséntase a web do Máster onde teñen toda a información necesaria para o correcto desenvolvemento do proceso ensino-aprendizaxe.

IV. CONCLUSIONES

A labor de coordinación é moi importante debido á grande cantidade de axentes que participan: a comisión académica do Máster, o alumnado que nun 50% procede de fóra da cidade de Ourense e algúns dos mesmos compaxinan as súas tarefas laborais co Máster, o numeroso profesorado que forma parte do mesmo e que pertence a dous Campus separados por unha distancia de 100 Km (Ourense e Vigo), o equipo decanal da Facultade de Ciencias, a Área de posgrao do Campus de Ourense, a Comisión de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias de Ourense, a Área de posgrao da Universidade de Vigo e a Área de Calidade da Universidade de Vigo.

Gran parte das tarefas de Coordinación están centradas na figura do coordinador do Máster, sobre todo no que respecta ás máis burocráticas, as cales cada vez aumentan máis no que respecta o sistema de Calidade dos títulos (informes de coordinación, plans de mellora??) mentres que os recoñecementos docentes para abordar estas tarefas son cada vez menores. Xa que logo sería bo considerar o ben proporcionar persoal de apoio para estas tarefas ou ben aumentar os recoñecementos docentes dos que dispón o Máster.

V. ANEXOS

Data: 03 de novembro de 2017

Responsable do título: F. Javier Rodríguez Rajo

Sinatura: